COLABORACIÓNS páxinas 2 a 7
COMPLEMENTARIAS páxinas 8 a 15
ESCOLARES páxinas 16 a 20
BIBLIOTECA páxinas 21 e 22
ANPA páxina 23

DAR CALIDADE AOS VÍNCULOS E ÁS RELACIÓNS

Amparo Jiménez Díaz. Orientadora

O VÍNCULO AFECTIVO

O vínculo afectivo é unha relación especial que o neno ou nena establece cun pequeno número de persoas. É un vínculo emocional que se forma entre o pequeno e cada unha destas persoas, un lazo que o leva a buscar a proximidade e o contacto con eles ao longo do tempo. É, sen dúbida, un mecanismo innato polo cal o neno busca seguridade.

É común que o vínculo máis forte que unha criatura estableza sexa coa súa nai ou co seu pai. Os avós, as mestras, os coidadores, e calquera persoa adulta que se relacione coas criaturas, poden establecer vínculos de apego con elas.

Educamos ás nenas e aos nenos a través dos vínculos que establecemos con eles. Por iso é importante comprender a transcendencia dos mesmos e reflexionar sobre cómo facer destas relacións un lugar para a expresión, o intercambio e o desenvolvemento.

Sabemos que o afecto, o amor e a palabra fan posible o desenvolvemento infantil; e que, na súa ausencia, é difícil que este se dea. A atención de necesidades fisiolóxicas sen a mediación do afecto, pode garantir a supervivencia, pero non o desenvolvemento e a aprendizaxe de capacidades humanas como a linguaxe, o pensamento, a afectividade ou a sociabilidade.

As criaturas son como esponxas, atenden a todo o que ven e oen; perciben os sentimentos e pensamentos máis alá das palabras. Por exemplo, un neno sentirá o bico dunha persoa ou as súas palabras de aprecio, pero sobre todo as ganas ou desganas con que ese bico se deu ou esas palabras foron ditas.

Nos dous primeiros anos de vida, se o neno ou a nena se senten queridos aprenderán a querer e quererán mostrar ese sentimento. A partir do ano e medio hai cambios importantes, xa que adquiren competencias lingüísticas e motoras. Os adultos empezan a regular a súa conduta e a facer cumprir as normas, o que da lugar a conflitos relacionados coa dificultade para aceptar límites e para desenvolver a autonomía.

Estes vínculos afectivos marcarán, na maioría, as súas relacións futuras: a persoa tenderá a ser cálida ou fría, confiada ou desconfiada, segundo como teñan sido estes primeiros intercambios.

O CONTACTO FÍSICO

O contacto físico é fundamental para o desenvolvemento de calquera ser humano. A través do mesmo expresamos diversos sentimentos como o cariño, o temor, a rabia ou o pracer.

CALIDADE AOS VÍNCULOS E ÁS RELACIÓNS

Os bebés confían nas persoas adultas, pero é a calidade da relación a que fará que esa confianza se consolide ou se tambalee. A afectividade fará posible un desenvolvemento mais san da criatura. No primeiro ano de vida favorecerá que desenvolvan a confianza en si mesmos e se sintan seguros. Aos dous ou tres anos, posibilitará que desenvolvan a súa autonomía, coñezan o seu corpo e as cousas que os rodean; e xa algo mais maiores, a calidade de cada vínculo axudaralles a ir levando a iniciativa nas súas relacións e nas súas actividades.

Para que as relacións afectivas se creen e sosteñan, hai que ter en conta unha serie de actitudes. Algunhas delas son:

ACEPTAR

Aceptar a unha criatura é aceptar as súas formas de expresar a afectividade, as súas preguntas, os seus medos, as súas dúbidas e contradicións, os seus modos de relacionarse co seu corpo, o seu ritmo, o seu desenvolvemento intelectual, os seus desexos, os seus silencios, as súas necesidades, os seus conflitos e as súas dificultades.

ESCOITAR

Isto supón dedicarlles tempo para que poidan expresar, por exemplo, os seus medos á escuridade, aos ruídos, ao baleiro…; tamén a súa alegría e manifestacións de cariño.

Trátase tamén de prestar atención aos seus xogos e actividades, xa que é a través dos mesmos como adoitan manifestar a maioría dos seus sentimentos, emocións, necesidades, desexos e aprendizaxes.

CONFIAR

Moitas veces tendemos a darlles todo feito aos nenos e ás nenas, como se non crésemos na súa capacidade para facer determinadas cousas. Sen embargo, cando confiamos nas súas capacidades axudámoslles a desenvolver a súa propia autonomía e confianza, e incluso a que nos sinalen o tipo de apoio que precisan en cada momento, sen que teñamos que adiantarnos sempre.

CONTESTAR

A actitude das persoas adultas ante as primeiras preguntas relacionadas, por exemplo, coa sexualidade leva a que sigan confiando nelas as súas dúbidas e inquietudes ou ben que as canalicen noutro lugar.

O mais importante é a disposición a contestar. Non hai que sentirse mal por non saber a resposta de algo que se nos pregunta, sempre se pode preguntar ou buscar.

Ademais, é importante saber que, cando se contesta a unha pregunta, esta non está contestada para sempre. Con frecuencia, volve xurdir a mesma inquietude unha e outra vez, ás veces porque lles gusta escoitar a resposta, outras porque precisan escoitala varias veces para asimilala dentro da súa interpretación da realidade.

DECIR A VERDADE

Moitas veces, para unha criatura, é preferible o dolor que lle pode supoñer unha verdade que non lle gusta á sensación de que o enganamos. Por exemplo, dicir que papá volve agora mesmo cando en realidade tense que ir ao traballo; ou prometerlles cousas que non podemos cumprir ou que non sabemos si realmente poderá facerse realidade.

DAR MEDIDA

Dar liberdade para que unha criatura exprese a súa singularidade non significa que poida facer todo o que queira.

É fundamental poñer límites e normas claras aos nenos e ás nenas.

PROTEXER

Os nenos e nenas, na súa primeira infancia, son mais vulnerables a determinadas actitudes que lles poden quitar a confianza e seguridade en si mesmos. Deberemos evitar:

- As manifestacións de pena cando unha nena ou un neno é "diferente" por ser doutra cultura, por ter unha enfermidade, etc.
- A risa ou a sorna ante cousas que eles viven con suma importancia, como poden ser os namoramentos.
- O enfado co neno que non quere dar un bico ou un abrazo, así como outros tipos de esixencias afectivas, que son mostras de falta de respecto e de non aceptar os seus desexos.

Non se debe obrigar ás criaturas a aceptar estas actitudes como mostra da súa boa educación.

Sen embargo, a protección pode converterse en sobreprotección cando non se lles permite que aprendan a crear lazos afectivos con persoas que non son do ámbito familiar.

Protexer é propiciar un entorno afectivo san e tranquilizador que permite á criatura probar sen medo diferentes experiencias, adquirindo pouco a pouco maior autonomía.